



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. José Antonio Rodríguez Vázquez  
D. José Pose Blanco  
D. José Angel Vázquez Barquero  
D. Manuel González Piñeiro  
D. José Barreiro Somoza  
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal  
D. Xulio Pardellas de Blas  
D. Andrés Ramón Trillo García  
D. Xosé Luís Legido Soto  
Dª Mª Teresa Allut Roig  
D. Alberto Alonso Costas  
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela  
D. Enrique Barreiro Alonso  
D. Xosé Manuel Cid Fernández  
D. Alfonso Cid Sabucedo  
D. José Mª Correa Otero  
D. Antón Fernández Alvarez  
D. Manuel Fernández Areal  
Dª Esperanza Fernández Gómez  
D. Joel Fernández Soto  
D. José Mª Gil Villanueva  
D. José Antonio Gómez Barbeito  
D. Alejandro V. Gómez Soler  
D. Juan Janeiro Vilaboa  
D. Manuel López Iglesias  
D. José Mira Penedo  
Dª Camino Noia Campos  
D. Guillermo de Oca Cancela  
D. Xosé Luis Outes Ruso  
D. Angel Pereira Díaz  
D. Cándido Pérez Betanzos  
D. Manuel Pérez Donsión  
D. Luis Pérez Gómez  
D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor  
D. Manuel J. Reigosa Roger  
D. Luis Rodríguez Ennes  
D. Celso Rodríguez Fernández  
D. Eduardo Rubiales Camino  
D. José A. Sampayo Fernández  
D. José Manuel Santos Suárez  
Dª Mª Teresa Viñas Gil  
D. Horario A. Villar Suárez (CIG)

**DESCULPA A SÚA ASISTENCIA**

Dª Mª do Carmo Henriques Salido  
Dª Pilar López Vidal

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, que terá lugar o dezanove de xuño de mil novecentos noventa e oito, ás 10.00 horas en primeira convocatoria e ás 10.30 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O venres, **día 19 de xuño de 1998**, ás 11.10 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, de Actas de sesións anteriores (04.02.98, 16.03.98 e 31.03.98).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de Profesorado: a) Delegación do concurso de profesorado, curso 98/99, na Comisión de Docencia; b) Prazas BOE; c) Transformacións; d) Comisións de servizo; e) Permisos.
- 4º.- Aprobación, se procede, do Calendario escolar do curso 1998/99.
- 5º.- Aprobación, se procede, da Memoria económica e conta do ano 1997.
- 6º.- Asignación de remanente de orzamento do ano 1997.
- 7º.- Aprobación, se procede, de materias optativas e de libre elección.
- 8º.- Aprobación, se procede, de adscrición de materias a áreas no curso 98/99.
- 9º.- Aprobación, se procede, da Normativa de convocatoria de prazas nas Residencias propias e concertadas desta Universidade.
- 10º.- a) Aprobación, se procede, de convenio de colaboración entre a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e a Universidade de Vigo, para a realización dun curso superior de Riscos Laborais. b) Aprobación, se procede, do Máster "Condicións de traballo e prevención de riscos laborais".
- 11º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez e actúa coma Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, apróbanse as actas das sesións do 4 de febreiro, do 16 de marzo e do 31 de marzo de 1998, coas modificacións indicadas por D. Horacio A. Villar Gómez, D. Xosé Manuel Cid Fernández e D. Alejandro V. Gómez Soler, que xa se recollen nas definitivas.

O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, no **punto 2**, agradece o traballo, as contribución e a axuda de tódolos que, durante os catro anos que durou a lexislatura, desenvolveron a súa tarefa dende os distintos órganos de goberno da Universidade e, en particular, ós membros da Xunta de Goberno.

O Vicerrector de Profesorado, D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal, dentro do **punto 3**, propón a delegación, como en cursos anterior, do concurso de profesorado na Comisión de Docencia.

Apróbase a delegación do concurso de profesorado, curso 98/99 na Comisión de Docencia.

Apróbase a saída a BOE das seguintes prazas:

T08	385	CAT-UN	Vigo	- - -
C02	055	TIT-UN	Vigo	Gallardo Medina, Mercedes
C08	765	TIT-UN	Vigo	Cid Fernández, Magdalena
C08	765	TIT-UN	Vigo	Terán Moldes, M <sup>a</sup> del Carmen
H06	575	TIT-UN	Vigo	Gómez Guinovart, Javier
H06	814	TIT-UN	Vigo	De Agustín Guijarro, Javier
T02	535	TIT-UN	Vigo	González Estévez, Emilio
T08	385	TIT-UN	Vigo	Torres Palenzuela, Jesús M.
T08	400	TIT-UN	Ourense	Gimeno Presa, Luis
C01	413	TIT-EU	Pontevedra	González Dopazo, Lois
C01	413	TIT-EU	Pontevedra	Rodríguez Fuentes, Gustavo
T08	385	TIT-EU	Vigo	- - -

Apróbase a transformación das seguintes prazas:

C04	045	Domínguez Martín, Jorge	de AXU-UN1 a AXU-UN2
C08	755	Estévez Valcarcel, Carlos M.	de AXU-UN1 a TIT-UN(I)
C08	755	Vila Romeu, Nuria	de AXU-UN1 a PP2
H05	490	López Díaz, María	de PP2 a TIT-UN(I)
H06	795	Romo Feito, Fernando	de PP1 a TIT-UN(I)
T08	385	García Sánchez, Josefa	de PP1 a TIT-UN(I)
T10	595	Berriochoa Esnaola, Elías	de PP1 a TIT-UN(I)

Apróbase a concesión das seguintes Comisións de Servicio:

Suárez-Mira Rodríguez, Carlos, a petición da Universidade da Coruña  
Valeije Alvarez, Inmaculada, petición desta Universidade á Universidade da Coruña

Apróbase a concesión dos seguintes permisos:

Estévez Valcarcel, Carlos Manuel	dende 01.07.98 ata 30.09.98
Mateo Sevilla, Matilde	dende 15.06.98 ata 01.02.99
Pérez Rodríguez, Fco. Javier	dende 01.06.98 ata 18.10.98
Prada Rodríguez, Julio	dende 28.06.98 ata 28.09.98
Souto Otero, José Carlos	dende 01.09.98 ata 30.11.98
Gálvez Gálvez, Juan Fco.	dende 01.07.98 ata 30.09.98
Fernández Hermida, Xulio	dende 30.06.98 ata 30.09.98

Presenta o **punto 4**, Calendario escolar do curso 1998/99, o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto.

D. Alejandro V. Gómez Soler pide que se inclúan os exames de decembro e fin de carreira.

Acórdanse as seguintes datas:

-Exames de decembro:	do 1 ó 18 de decembro;
-Fin de carreira:	do 15 ó 30 de novembro.

Apróbase o Calendario escolar do curso 1998/99 (anexo I).

Presenta o **punto 5**, Memoria económica e Conta do ano 1997, o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco.

Apróbase por asentimento a Memoria económica (anexo II) e a conta do ano 1997 (anexo III).

D. Horacio A. Villar Suárez pide que se retire da Orde do día o **punto 6**, xa que esta Xunta de Goberno non debe tomar esta decisión.

D. Antón Fernández Álvarez pide tamén que se retire, "*Coñecida a orde do día da Xunta de Goberno do 19 de xuño de 1998 e vendo que na mesma figuraba o punto nº 6 'Asignación de remanente de orzamento do ano 1997', D. Domingo Docampo Amoedo, en calidade de Rector electo, púxose en contacto co Magfco. Sr. Rector, Profesor Dr. D. José Antonio Rodríguez Vázquez, para pedirlle a retirada do antedito punto, ó que o Magfco. Sr. Rector se comprometeu. Visto que no transcurso da Xunta de Goberno non se levou a cabo tal retirada e o antedito punto foi sometido a debate. Solicita a retirada do punto correspondente da Orde do día e pide que conste en acta todo o antedito*".

D. Manuel J. Reigosa Roger indica que o punto choca cos outros da Orde do día da Xunta de Goberno que foran pactados co novo equipo rectoral. Pide tamén a súa retirada.

D. José Pose Blanco, Vicerrector de Economía, indica que a distribución de remanente pecha o exercicio económico do ano 1997. O novo equipo ten que face-lo orzamento do ano 1998.

Tamén indica que o remanente apróbase por unanimidade pola Comisión Económica e que tódolos apartados do remanente están xustificados con compromisos anteriores (anexo IV); tamén di que o novo equipo sempre ten a posibilidade de modifica-lo remanente nunha próxima Xunta de Goberno.

D. Enrique Barreiro Alonso di que a Xunta de Goberno está lexitimada para trata-lo que xa foi aprobado pola Comisión Económica.

O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez indica que o Rector electo pediu que o punto se deixara sobre a mesa, polo que tendo en conta esa petición, o punto déixase pendente.

D. Mariano Pérez-Martínez y Pérez-Amor fai contar que non entende por que non se aproba o punto.

D. Manuel Pérez Donsión manifesta "*que o Sr. Vicerrector de Economía, a nivel persoal, sabe que ten o meu recoñecemento pois admiro en vostede a súa grande capacidade de traballo; nembargantes, como Director da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais e Minas non pode estar de acordo coa asignación do remanente do orzamento do ano 1997, aprobado pola Comisión Económica, xa que como vostede ben coñece, e sen entrar en consideracións sobre da urxencia das obras as que se pretende asigna-lo devandito remanente, a Escola que dirixo ten as seguintes necesidades urxentes:*

*1º - parte da cuberta, a cal bota auga por tódolos lados, facendo difícil a habitabilidade, en axeitadas condicións, do edificio;*

*2º.- os paramentos verticais exteriores, os cales en algunhas partes se se puxa cunha man, caen; atópanse en moitos sitios sen recubrir e pintar, sen falar da desastrosa estética que presentan ó ter diferentes materias de construcións nas caras exteriores;*

3º.- *as condicións infrahumanas de calor do ático do novo edificio, destinado a despachos, que o fan insoportable ó chegar estar datas, ou outras calorosas, polo cal precisa a urxente instalación de aire acondicionado; tamén o Salón de Actos, como puidemos comprobar na sesión do derradeiro Claustro.*

*Polo antedito, considero que da asignación dos máis de mil millóns de pesetas de remanente, ben puidera asignarse unha pequena parte deste para levar adiante todas ou polo menos, algunha destas obras xa que todas elas son de urxente necesidade como ben sabe".*

D. Alejandro V. Gómez Soler, como membro da Comisión de Asuntos Económicos "*quere expresa-lo máis profundo malestar persoal pola retirada deste punto, que, desde o meu punto de vista, supón un grave desprezo ó traballo realizado polos membros da Comisión e polo Vicerrector de Economía, e máis nas datas nas que andamos*".

Presenta o **punto 7**, "Materias optativas e de Libre elección", o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Manuel González Piñeiro, indicando as seguintes modificacións ó cadro enviado na documentación (anexo V).

### **Libre elección.-**

-na páxina 1:

--"Introducción a documentación en Ciencias", amplíase ás titulacións do sector Tecnolóxico;  
--"Economía aplicada. Introducción", o horario cambia a xoves 1º cuadrimestre, de 16 a 18 h. e 2º cuadrimestre de 18 a 20 h.;

-na páxina 8:

--"Psicoloxía Social", suprímese CF e a área "psicoloxía social";

-na páxina 9:

--"psicoloxía da Personalidade", suprímese;

-na páxina 14:

--incluír "Literatura latina" de 6 créditos, 125 alumnos, titulación Humanidades;

--"Introduccións á Integración Europea II", 6 créditos e 125 alumnos;

--"Introducción á Economía do transporte", incluír tódalas titulacións;

-na páxina 15:

--"Dereito para non Xuristas", tódalas titulacións, agás Dereito.

### **Optativas.-**

-na páxina 2:

--incluír "Ampliación de Física de Materiais", de 6 créditos, adscripción a área "Física da Materia condensada";

-na páxina 7, "cambio de créditos":

--Mestre en Educación Infantil:

"Historia de España" , a 6 créditos;

--Mestre en Educación Primaria:

"Análise Xeográfica da Península Ibérica", a 3 créditos;

"Historia de España", a 6 créditos;

"Informática aplicada á Educación", a 3 créditos;

"Relixión II", a 3 créditos;

--Mestre en Educación Física:

suprímese "Didáctica das Ciencias experimentais";

--Mestre en Educación Musical:

"Ética e Educación para a Democracia", a 3 créditos;

"Historia da Arte", a 6 créditos;

"Relixión II", a 3 créditos;

-na páxina 8:

--"Hidroloxía agroforestal e Conservación de solos", pasa a denominarse "Hidroloxía forestal e conservación de solos";

-na páxina 10:

--"Traducción e interpretación" en 2º Ciclo, elixir tres materias (sen custo) a normais.

Apróbanse as materias optativas (anexo VI) e de libre elección (anexo VII).

Presenta o **punto 8** "Adscripción de materias a áreas no curso 98/99", o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Manuel González Piñeiro, indicando as seguintes incidencias:

### 1. Creación das áreas de coñecemento e adscripción de materias.-

#### 1.1 Área de "Física da materia condensada" (395)

-motivo: adscribi-la materia troncal "Física do estado sólido" (6 cr., 4º curso) en Física (Ourense) debido a súa implantación;

#### 1.2 Área de "Estética e Teoría das Artes" (270)

-motivo: favorece-la coherencia entre materias e área "Crítica" (6 cr., 4º curso) e "Estética e Didáctica" (6 cr., 5º curso) en Belas Artes;

-motivo: adscribi-las materias "Crítica" (6 cr., 4º curso) e "Estética e Didáctica" (6 cr., 5º curso) e favorece-la coherencia entre estas materias e a súa área;

Antes: área de Pintura (690);

Agora: 270;

Departamento afectado: Expresión Artística (H01).

### 2. Modificación de adscripción.-

#### 2.1 Materia optativa "Hixiene na Industria Alimentaria" (4 cr.) en Enx. Técnico Agrícola (Ourense).

-motivo: desdoblamento da área;

Antes: área de "Toxicoloxía e Lexislación Sanitaria" (810);

Agora: área de "Toxicoloxía" (807);

Departamento afectado: Química Analítica e Alimentaria (C07)

#### 2.2 Facultade de Ciencias Sociais (Pontevedra), Departamento Psicología Evolutiva e Comunicación (X10):

Materia obrigatoria (4,5 cr.) "Técnicas de Propaganda política";

Antes: "Xornalismo" (área 675);

Agora: "Comunicación Audiovisual e Publicidade" (área 105);

Materia obrigatoria (4,5 cr.) "Empresa Informativa e Publicitaria";

Antes: "Comunicación Audiovisual e Publicidade" (ÁREA 105);

Agora: "Xornalismo" (área 675);

Materia troncal (4,5 cr.) "Teoría Xeral da Imaxe";

Antes: "Comunicación Audiovisual e Publicidade" (área 105);

Agora: "Xornalismo" (área 675).

D. Juan Janeiro Vilaboa pide o cambio de área de "Dereito Comunitario" á área de "Dereito Internacional Público e Relacións Institucionais".

Faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor do cambio:	14 votos
-en contra:	8 votos
-abstencións:	6

Apróbase o cambio.

D. Mariano Pérez Martínez y Pérez-Amor di que parece unha falta de respecto deixa-lo punto 6 sobre a mesa e tratar este.

Tamén pide o cambio das materias "Electrodinámica clásica" a "Física Aplicada", e "Física Estatística" a "Física da Materia Condensada".

Faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor do cambio:	11 votos
-en contra:	9 votos
-abstencións:	2
-nulos:	1

O Vicerrector de Profesorado, D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal, indica que a materia "Electrodinámica Clásica" non está adscrita no boletín a "Física Aplicada", polo que non se pode face-lo cambio.

Anúlase a votación.

Apróbase a adscrición de materias a áreas no curso 98/99 (anexo VIII).

Presenta o **punto 9**, "Normativa de convocatoria de prazas nas Residencias propias e concertadas", o Vicerrector de Innovación Educativa e Estudiantes, D. José Angel Vázquez Barquero.

D. Alejandro V. Gómez Soler pide que a nota media de entrada sexa de 3,5 para tódalas carreiras.

Faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor da proposta:	6 votos
-en contra:	10 votos
-abstencións:	5

D. José A. Sampayo Fernández pide "*que conste o meu voto en contra debido a que con esta Normativa estase poñendo de manifesto a existencia de dous tipos de universitarios ou mellor dito, dous tipos de titulacións, unhas máis doadas que outras, o que nos levaría á conclusión de que nesta Universidade existen universitarios de primeira e outros de segunda categoría*".

Faise a votación do punto da Orde do día:

-a favor:	16 votos
-en contra:	2 votos
-abstencións:	4

D. Alejandro V. Gómez Soler fai consta-lo seu voto en contra.

Apróbase a Normativa de convocatoria de prazas nas Residencias propias e concertadas desta Universidade (anexo IX).

Presenta o **punto 10**, "Convenio de colaboración entre a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e a Universidade para a realización dun curso superior de Riscos laborais" o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Manuel González Piñeiro, indicando a urxencia do tema, xa que a Xunta financia o Máster e se non, pérdese o diñeiro.

D. Cándido Pérez Betanzos indica que se abstén na votación.

D. Luis Ortiz Torres, director do Departamento T06 "Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente" indica que xa están a dispensar cursos sobre este tema.

Prodúcese a votación co seguinte resultado:

-a favor:	12 votos
-en contra:	5 votos
-abstencións:	6

Apróbase o convenio de colaboración entre a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e esta Universidade para a realización dun curso superior de Riscos Laborais (anexo X) e o Máster "Condições de traballo e prevención de riscos laborais" (anexo XI).

No **punto 11**, Rogos e preguntas, hai varias intervencións.

-D. **HORACIO A. VILLAR SUÁREZ.**- Indica que tódalas súas intervencións as fixo como representante sindical.

-D. **MANUEL J. REIGOSA ROGER.**- Fai constar que na Xunta de Goberno onde se tratou o límite de prazas na titulación de Bioloxía, o Vicerrector tiña razón sobre a petición das 150 prazas.

Agradece o traballo dos Vicerrectores de Economía, D. José Pose Blanco de Investigación, D. José Tojo Suárez.

-D. **JUAN JANEIRO VILABOA.**-

- 1.- Pide conexión de Internet nos Centros adscritos;
- 2.- Agradece a tódolos membros da Xunta de Goberno os debates realizados na mesma.

-D. **JOSÉ A. SAMPAYO FERNÁNDEZ.**- Di "*non vou dar xabón a ninguén debido a que quedaría en pura palabrería, xa que o que penso da súa xestión xa o sabe cada un de vostedes, pero a realidade é que os resultados electorais determinaron que primeiro eu e despois vostedes non fixemos ben as nosas tarefas xa que nos fomos elixidos. Polo tanto os eloxios quedan ben para a galería*".

-D. **JOSÉ M<sup>a</sup> CORREA OTERO.**- Pregunta por que as enquisas de avaliación non chegaron a algúns profesores.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15.15 h. do día 19 de xuño de 1998 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo-